

Índice

- [Artigo 1.- Fundamento legal](#)
- [Artigo 2.- Feito imponible](#)
- [Artigo 3.- Suxeito pasivo](#)
- [Artigo 4.- Responsables](#)
- [Artigo 5.- Estimación das rendas, tarifas, descontos e exencións.](#)
- [Artigo 6.- Base imponible e cota tributaria](#)
- [Artigo 7.- Retribución e período impositivo](#)
- [Artigo 8.- Liquidación, recadación e xestión](#)
- [Artigo 9º.- Infraccións e sancións](#)
- [Disposición Derradeira](#)

Redaccións

- [Aplicábel dende: 26/10/2004
Nº de bop: 246](#)
- [Aplicábel dende: 12/02/2005
Nº de bop: 34](#)
- [Aplicábel dende: 07/09/2012
Nº de bop: 171](#)
- [Aplicábel dende: 26/11/2013
Nº de bop: 225](#)
- [Aplicábel dende: 27/12/2018
Nº de bop: 245](#)
- [Aplicábel dende: 19/01/2021
Nº de bop: 10](#)
- [Aplicábel dende: 21/09/2021
Nº de bop: 179](#)
- [Aplicábel dende: 01/09/2022
Nº de bop: 200](#)

Miño - ORDENANZA FISCAL Nº 22 REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACION DO SERVICIO DA ESCOLA INFANTIL

Publicación provisional: 03/09/2004 BOP Nº: 204
Publicación definitiva: 25/10/2004 BOP Nº: 246
Aplicable dende: 01/09/2022

Artigo 1.- Fundamento legal

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106, da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19, en relación co artigo 20 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora Das Facendas Locais, o Concello de Miño establece a taxa pola prestación do servizo da escola infantil municipal que se rexerá pola presente ordenanza fiscal.

Artigo 2.- Feito imponible

Constitúe o feito imponible da taxa a prestación do servizo da escola infantil municipal.

Artigo 3.- Suxeito pasivo

Son suxeitos pasivos da taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas que resulten beneficiadas ou afectadas pola actividade administrativa ou servizo que constitúe o feito imponible desta taxa.

Tendo en conta que os usuarios do servizo gravado por esta taxa son menores de idade que non teñen capacidade de obrar, actuarán no seu nome, cos efectos previstos na Lei Xeral Tributaria, os seus pais, titores, ou calquera outro representante legal.

Artigo 4.- Responsables

Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas que son causantes ou colaboran na realización dunha infracción tributaria.

Artigo 5.- Estimación das rendas, tarifas, descontos e exencións.

5.1. Este baremo adáptase ao publicado pola Axencia Galega de Servizos Sociais a través da Resolución do 10 de maio de 2017 pola que se actualizan os prezos das escolas infantís dependentes desta axencia (DOG número 97, do 23 de maio de 2017), que rexerán mentres que non existan modificacións posteriores e que serán os seguintes:

- IPREM (Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples).
- Prezo base/ mes por asistencia (8 horas/día): 169,26 euros/mes.
- O prezo mensual de cada hora en que se incremente o horario normal será de 21,16 euros/mes.
- O prezo polo servizo de comedor: 74,05 euros mensuais.

5.2. O Decreto 49/2012 sinala unicamente os prezos por asistencia en horario completo, os ratos por horario reducido obtéñense con aplicacións porcentuais.

5.3. Establécese un servizo de horas soltas para os non usuarios do servizo, con bonos de 12 e 6 horas cun prezo de 6,35 euros/hora.

5.4 Os prezos non incluídos na orde tamén se revisarán anualmente.

Artigo 6.- Base imponible e cota tributaria

6.1.- A base imponible virá determinada polo indicador público de renda de efectos múltiples mensual. Para os efectos, a renda mensual da unidade familiar computarase segundo as seguintes regras:

- a) Entenderase por unidade familiar a formada polos cónxuxes non separados legalmente e:
 - i. Os/as fillos/as menores, con excepción dos que, con consentimento dos/as pais/nais, vivan independentes destes/as.
 - ii. Os/as fillos/as maiores de idade incapacitados xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
 - iii. Os/as fillos/as maiores de dezaioito anos discapacitados cun grao de discapacidade superior ao 33 por cento.

A determinación dos membros da unidade familiar realizarase atendendo á situación existente no 31 de decembro do ano a que se refiran os datos económicos a que se refiran as seguintes regras.

b) Tomarase o importe dos ingresos totais da unidade familiar, que será o resultado da agregación das rendas do exercicio anterior a aquel en que dea comezo o curso escolar, no cal se pretenda que produza efectos, de cada un dos membros da unidade familiar, calculadas por agregación da base imponible xeral coa base imponible do aforro, calculadas segundo os criterios establecidos na normativa do imposto sobre a renda das persoas físicas.

O importe dos ingresos totais da unidade familiar será acreditado, mediante a presentación das copias certificadas pola Administración tributaria das declaracións do IRPF ou a certificación de ingresos das persoas que non presentasen as declaracións do IRPF.

c) O importe anterior dividirase polo número de membros computables da unidade familiar. No caso de familias monoparentais, incrementarase nun 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar. Entenderase por familia monoparental a unidade familiar a que se refire a letra a) cando formase parte dela un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa con que manteña unha relación análoga á conxugal e sempre que o outro proxenitor ou proxenitora non contribúa economicamente ao seu sustento.

d) A renda per cápita mensual será o resultado de dividir o importe anterior por doce.

6.2.- A cota tributaria calcularase coas seguintes tarifas máximas:

-Contribucións mensuais por horas de uso, horas complementarias, matrícula anual e horas soltas.

TARIFA EN FUNCIÓN DO IPREM	XORNADA DE MAÑA (8:00-13:00)	XORNADA DE MAÑA (8:00-14:00)	XORNADA DE TARDE (14:00-20:00)	XORNADA COMPLETA (ata 8 horas)	SERVICIO DE COMEDOR	MATRÍCULA
Inferior ó 30% do IPREM	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	31,74 €
Do 30% ó 50% do IPREM	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	17,45 €	31,74 €
Do 50% ó 75% do IPREM	24,44 €	27,93 €	27,93 €	34,91 €	17,45 €	63,47 €
Do 75% ó 100% do IPREM	48,88 €	55,85 €	55,85 €	69,82 €	26,45 €	63,47 €
Do 100% ó 125% do IPREM	78,49 €	89,71 €	89,71 €	112,13 €	37,02 €	95,21 €
Do 125% ó 150% do IPREM	93,30 €	106,64 €	106,64 €	133,29 €	52,89 €	95,21 €
Do 150% ó 200% do IPREM	102,93 €	117,64 €	117,64 €	147,05 €	63,47 €	95,21 €
Superior ó 200% do IPREM	118,48 €	135,41 €	135,41 €	169,26 €	74,05 €	95,21 €

SERVICIO DE HORAS SOLTAS

Bono de 12 horas:	76,16 €
Bono de 6 horas:	38,08 €

-Contribucións mensuais polos servizos complementarios de almorzo e merenda:

TARIFA EN FUNCIÓN DO IPREM SERVIZO DE ALMORZO SERVIZO DE MERENDA

Inferior ó 30% do IPREM	0,27 euros	0,53 euros
Do 30% ó 50% do IPREM	0,27 euros	0,53 euros
Do 50% ó 75% do IPREM	0,53 euros	1,06 euros
Do 75% ó 100% do IPREM	0,53 euros	1,06 euros
Do 100% ó 150% do IPREM	0,53 euros	1,06 euros
Superior ó 150% do IPREM	0,53 euros	1,06 euros

6.3. Beneficios fiscais: Na cota tributaria correspondente ás tarifas a abonar pola atención educativa e pola matrícula aplicaranse as seguintes bonificacións:

- a) Aos/ás nenos/as pertencentes a familias monoparentais se lles aplicará unha bonificación dun 20 por cento.
- b) Aos/ás nenos/as pertencentes a familias numerosas se lles aplicará unha bonificación dun 20 por cento.
- c) As familias acolledoras de menores con medidas administrativas de tutela ou garda se lles aplicará, así mesmo, unha bonificación dun 100 por cento.
- d) Ao/a primeiro/a fillo/a e sucesivos/as da unidade familiar se lles aplicará unha bonificación dun 100 por cento coas seguintes limitacións:
 - O horario mínimo bonificado será de 3 horas.
 - O horario máximo bonificado será de 8 horas.
 - O período máximo bonificado será de 11 meses por curso.

Os beneficios fiscais recollidos nos apartados anteriores en ningún caso serán acumulables entre si.

Cando o/a neno/a atendido/a ingrese no centro con posterioridade ao día 15 do mes, a cota que corresponde pagar por dito mes terá un desconto dun 50 por cento.

Artigo 7.- Retribución e período impositivo

A taxa retribuirase cando se inicie a prestación do servizo. O período impositivo coincide co ano natural, rateado por meses.

Artigo 8.- Liquidación, recadación e xestión

8.1 A liquidación da cota tributaria practicarase por meses naturais e deberán aboala os interesados nos dez primeiros días de cada mes, na entidade ou entidades financeiras que indique o Concello ou, no seu caso, o concesionario do servizo. En calquera momento o suxeito pasivo terá a posibilidade de domiciliaos recibos.

Cando se trate de liquidacións polos servizos de horas soltas cuxa cuantificación se poida efectuar antes de presta-lo servizo realizarase o ingreso antes da prestación do mesmo na Tesourería municipal ou nas entidades financeiras que se sinalen na liquidación.

8.2 No caso de que o centro permanecera pechado por razóns de vacacións de verán, non se abonará a tarifa que correspondera a ese período. Así mesmo, se por calquera outro motivo o centro permanecese pechado durante un número superior a quince días consecutivos, non se abonará a tarifa que correspondía a este período.

8.3 A non asistencia do usuario ó centro durante un período determinado non supón redución ningunha, nin extinción da tarifa, mentres non se formalice a baixa correspondente.

Cando por causa debidamente xustificada, o/a neno/a deixe de asistir temporalmente ó centro, o suxeito obrigado estará exento de aboa-la cota mensual dende o primeiro día do mes natural seguinte á data de ausencia do centro. A suspensión da cota durará ata o día primeiro do mes natural en que teña lugar a incorporación do neno ó centro. Non obstante, se a reincorporación se produce con posterioridade ó día 15 do mes, a cota correspondente a dito mes reducirase nun 50 por cento.

A solicitude de suspensión da cota, xunto coa acreditación documental da circunstancia que a motiva, deberá presentarse ante o Sr. Alcalde, que resolverá sobre a procedencia da suspensión.

Nos casos de suspensión temporal da cota, o pagamento correspondente ó mes de reincorporación realizarase no prazo de dez días seguintes ó da data de reincorporación. Así mesmo, nos casos en que se acorde a non procedencia da suspensión solicitada, o suxeito obrigado deberá ingresar-las cotas atrasadas no prazo de dez días ó da notificación da resolución denegatoria.

Artigo 9º.- infraccións e sancións

En materia de infraccións e sancións estarase ó disposto na Lei Xeral Tributaria e nas disposicións que a complementen e desenvolvan.

Disposición Derradeira

A presente ordenanza entrará en vigor unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia, mais os seus efectos aplicaranse con efectos retroactivos desde o 1 de setembro de 2022, permanecendo vixente ata que se acorde a súa derogación ou modificación expresa.



Deputación
DA CORUÑA

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Avenida Porto da Coruña, 2
15003 A Coruña
Tif: 981 080 300
Información: Ir a Contacto

ACCESOS DIRECTOS

- > Sedes electrónicas das E.E.L.L. da Coruña
- > As miñas xestións - Notificacións
- > Portal de Transparencia
- > Impresos Xerais
- > Calendario Oficial
- > Perfil do Contratante
- > Taboleiro de Anuncios
- > Buzón de Suxerencias ou Queixas
- > Verificación de Documentos

ENLACES DE INTERESE

- > Deputación da Coruña
- > Xunta de Galicia
- > Punto Acceso Xeral
- > BOP
- > DOG
- > BOE
- > eDNI
- > Validacións
- > FNMT
- > Oficina Virtual do Catastro

© Plataforma de Administración Electrónica - Deputación Provincial da Coruña

Mapa web - Aviso legal - Privacidade - Seguridade
Accesibilidade

